

Bo día a todos e a todas

Non hai premio que máis preste a unha escritora que aquel que dá o público lector. Do pouco que me queda da xornalista que un día quixen ser é concibir a escrita como un acto de comunicación que, sen a volta de quen recibe a mensaxe, é un acto incompleto. Se ademais esa mensaxe de volta se dá nun ano coma este, no que precisamos comunicármonos máis ca nunca, este recoñecemento para min ten un valor moito máis especial.

Moito teño gozado nestes anos -non tantos- desde que me decidín a escribir para o público xuvenil e tiven a oportunidade de compartir momentos e espazos con vós e coa rapazada. Tivemos merendas, comidas, concertos, debates... nos que o libro, moitas veces, era unha excusa para falar da vida. Sempre saín dos encontros cos clubs de lectura cun sorriso que me acompañaba o día enteiro e cun chisco de envexa. Canto tería gozado desta iniciativa, se houber cando eu era adolescente, *friki* e rara, lectora voraz, que gastaba os cartos que a miña nai me daba para mercar roupa en libros; que pasaba a tarde na biblioteca procurando, nos andeis, outros mundos posibles, buscando nos libros respostas e atopando porén máis preguntas.

As bibliotecas sempre foron, para min, acubillo, un lugar seguro onde podía ser eu. Agora, nestes tempos, redescubrín as bibliotecas escolares tamén como un espazo de liberdade onde podemos falar das cousas que normalmente nos centros non se fala. E como di o avó de Álex, en “22 segundos” do que non se fala é coma se non existise.

Non podo negar que o que máis ilusión me fai deste premio e que é grazas a un libro que trata a vida dun mozo trans, e outro que fala de tempos escuros onde as mulleres tiñan que loitar, en silencio, pola liberdade. Falamos, nestas reunións, de como o mundo é diverso, do que custa ir contra a corrente e do que presta, tamén, ir conta corrente. Falamos de memoria, de silencio, porque a lectura nos axuda a construírnos, a coñecernos e a recoñecernos.

Para min é un luxo cada encontro que fago coa rapazada e iso, como este premio, teño que agradecerllo á Asesoría de Bibliotecas Escolares, que traballa arreo, día a día, para facer que este soño de proxecto siga vivo. E máis neste ano no que todo custa o triplo e rende a metade. Por iso, actos coma os de hoxe teñen moito máis mérito e máis valor.

Hoxe quero agradecer ás docentes o voso traballo, o voso entusiasmo e ilusión, que contaxiades á rapazada, que pasades recreos, mediodías e boa parte do voso tempo de lecer preparando un traballo impecable cos clubs. Este ano tocou botarlle imaxinación e reunirvos nos lugares máis dispares: patios, corredores, pavillóns, xardíns (eu fixen o outro día un encontro lector debaixo dunha castiñeira).

Cómpre, tamén, agradecer á rapazada que, aínda tendo un lecer tan gorentoso ao seu alcance nas pantallas, seguen pensando nos libros como espazos para ser e para gozar.

E, como son nova deste lado do escenario, que eu sempre traballei detrás das bambolinas na parte dos libros que non se ve, quixera tamén hoxe recoñecer o traballo de quen fai que a historia que un día agromou no meu maxín chegue á rapazada e a todas vós. Máis de vinte anos traballando na recámara dos libros servíronme para entender que a escrita, que é o oficio máis fermoso do mundo, forma parte dun traballo colectivo de editoras, ilustradoras, tradutoras, deseñadoras, impresoras, comerciais, libreira, bibliotecarias, docentes, mediadoras... que facemos un camiño xuntas, nestes tempos difíciles e incertos no que precisamos máis cultura, máis lectura que nunca.

Grazas a ese traballo colectivo e grazas a vós, que sodes o último elo desta cadea marabillosa que hoxe nos xunta -presencialmente, por fin- para celebrarmos o libro e a lectura. Non hai pandemia que poida coa nosa ansia e nosa necesidade de compartir historias, de facer da lectura un punto de partida e de chegada, un lugar de conforto, unha festa, unha fiestra aberta ao mundo para unha rapazada que busca respostas e que nós, a través dos libros, ofrecémoslles a posibilidade de seguir facéndose preguntas.

Polo voso traballo e afecto, moitas grazas.